

O transplante de órganos

é, neste momento, unha técnica cotiá na medicina. Os avances científicos posibilitan que un maior número de doenzas poidan ser tratadas mediante o transplante.

Cada ano, **centos de persoas morren** mentres agardan un transplante de órganos e tecidos que precisan para salvar as súas vidas.

Cada día, máis nomes son engadidos á lista de espera dun transplante. Algunha desas vidas poderíase salvar se máis xente se fixese doadora.

Como doador, **“ti poderías salvar ou mellorar a calidade de vida de moitas persoas”** que sofren pola falla dun órgano ou teñen defectos de ósos, queimaduras ou cegueiras.

Toma a decisión de te facer doador de órganos e tecidos. É o mellor que podes facer. **Comparte esta decisión coa túa familia** para que eles coñezan os teus desexos.

1 ¿Que pasa se ti decides ser doador e un membro da túa familia se opón á doazón?

Tendo en conta que os responsables da Oficina de Coordinación de Transplantes teñen que lle preguntar á familia se ten coñecemento sobre a túa vontade de ser doador, esta deberá ter claro ese desexo. A nosa experiencia indícanos que as familias sempre cumpren a vontade do doador.

2 ¿Que órganos e tecidos poden ser doados?

Poden ser doados o corazón, os pulmóns, o fígado, o páncreas, os riles, as válvulas do corazón, as córneas, as arterias, os ósos, a pel e os tendóns.

3 ¿Hai algunha obxección relixiosa á doazón de órganos e tecidos?

A maioría das relixións de todo o mundo apoian a doazón de órganos e tecidos como un acto solidario.

4 ¿Está o persoal do hospital causando máis dor ao pedir órganos nun momento de perda?

Os responsables de falar cos familiares para a doazón de órganos son conscientes da dor que teñen nese momento, pero tamén participan da dor que teñen outras persoas que están a morrer por falla destes. A súa obriga é tentar que outras persoas poidan seguir vivindo.

5 Se ao meu ser querido se lle diagnostica morte cerebral, ¿que significa isto?

Cando a alguén se lle diagnostica a morte cerebral, significa que non hai sangue nin osíxeno no seu cerebro e que este xa non funciona nin funcionará xamais. Isto non significa que outros órganos tales como o corazón, os riles ou o fígado estean mortos, aínda que estes tan só funcionarán durante unhas horas.

A non ser que estean afectados por unha doenza ou enfermidade, estes órganos poderán ser utilizados para outra persoa a través dun transplante de órganos.

6 ¿Que é a tarxeta de doador?

É o documento que demostrará a decisión tomada. Non compromete legalmente. Se cambia de opinión con respecto á doazón, simplemente rache a tarxeta e dígallo aos seus familiares.

7 ¿Como conseguir a tarxeta de doador?

Se, unha vez lido este folleto, está convencido da súa decisión:

- Cubra a folla adxunta, métaa no sobre e remítala por correo.
- Transmítallo á súa familia.
- Nuns días recibirá no seu domicilio a tarxeta solicitada.

Se ten algunha dúbida ou precisa máis información, chame ao seguinte teléfono:

Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia

981 54 28 63

www.sergas.es



OCT

Oficina de Coordinación de Transplantes
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Pegar nesta zona a tira adhesiva

DESEYO FACERME DOADOR DE ÓRGANOS

Apelidos: _____

Nome: _____

DNI: _____

Idade: _____

Enderezo: _____

C.P.: _____

Concello: _____

Provincia: _____

Tfno.: _____

Dobrar pola liña de puntos

Sinatura

Despega a tira adhesiva e dóbra pola liña de puntos. Deposítalo nun buzón de Correos. Non necesita selo.

Procurar que todas as persoas sexan doadoras non é só por interese solidario. É tamén polo noso propio ben: en calquera momento algún de nós podemos vernos na necesidade de ter que recibir un transplante para continuar vivindo.

Se todos somos doadores, todos teremos máis posibilidades.